



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.; 2024-1591, con data de 29/05/2024 pola que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas docente de Carpintería de Ribeira do Programa de Emprego “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm.: 85, do 04/05/2023.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), concibidos como programas de formación, práctica profesional e, no caso dos concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes, para incentivos á contratación en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas experienciais de formación e emprego que, promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou entidades sen ánimo de lucro do sector forestal, que están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezoito ou máis anos de idade, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



A xefe da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ditou a resolución de concesión de subvención, con data de 16/10/2023, pola que se outorga ao Concello de Redondela unha subvención, polo importe global de 531.046, 20€ para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para realizar o proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”.

A selección do alumnado-traballador así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada polon concello mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

O experto-docente na especialidade de Carpintería de Ribeira do Obradoiro de emprego “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”, causou baixa por incapacidade temporal, por enfermidade común, dende o 22/04/2024.

A alcaldesa ditou unha proposta, con data de 02/05/2024 na que solicita contratar a un/ha experto-docente na especialidade de Carpintería de Ribeira, por medio dun contrato de traballo temporal por substitución de persoa traballadora, a tempo completo, cunha xornada de traballo de 40 horas semanais, de luns a venres, grupo de cotización 3, para realizar o programa denominado “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”, para substituír a Santiago Cancelas Costa, ata a súa reincorporación ao seu posto de traballo ou ata que, no seu caso, cesen as razóns de urxencia que motivaron a contratación, non podendo xustificarse a continuación deste contrato de substitución máis alá da reincorporación da titular da praza da súa baixa de IT.

O Concello de Redondela presentou as correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 26/05/2024 para a preselección de persoas candidatas para posto de Experto/a docente en CARPINTERÍA DE RIBEIRA (Nivel 2).





CONCELLO DE REDONDELA

Esta oficina preseleccionou a 2 persoas para o posto de experto/a-docente en Carpintería de Ribeira (Oferta 12-2024-5000).

Tras contactar coas persoas preseleccionadas para o antedito postos e tras comprobar, a través das instancias que presentaron, se as persoas aspirantes cumprían os requisitos establecidos nas bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para seleccionar, unha praza de docente para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira**, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar admitida, con carácter provisional, á seguinte persoa aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación dun/ha experto/a docente en CARPINTERÍA DE RIBEIRA, para levar a cabo o obradoiro dual de emprego “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	PEIXOTO MARTÍNEZ, JOSÉ FELICIANO	*****825-V

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Declarar excluída, con carácter provisional, á seguinte persoa aspirante no proceso selectivo que se convocou para a contratación dun/ha experto/a docente en CARPINTERÍA DE RIBEIRA, para levar a cabo o obradoiro dual de emprego “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”:





CONCELLO DE REDONDELA

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, JOSÉ EDUARDO	*****368-K	NON CUMPRE REQUISITO EXPERIENCIA PROFESIONAL MÍNIMA NAS OCUPACIONES RELACIONADAS COA ESPECIALIDADE FORMATIVA EN TODOS OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A IMPARTIR

TERCEIRO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resultas estas, a Alcaldía, aprobará a lista definitiva.

Na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas fixarase o tribunal cualificador e a data, hora e lugar de realización da fase de concurso, que se publicará na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.





CONCELLO DE REDONDELA

CUARTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios a relación provisional de persoas admitidas e excluídas nestes procesos selectivos.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: AWD6319CM7PMARQFX9GL2TZAM
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

